

AO EXCMO CONCELLO DE MOS

Praza do Concello, 1
Petelos, Mos.
36416 (Pontevedra).

Alegacións aprobación inicial MP nº1 PXOM Mos.

D/Dª
maior de idade, con D.N.I....., veciño de
con enderezo en
Provincia de , ante esa Administración
comparece e, respetuosamente, EXPÓN:

.- Que tomando coñecemento da aprobación inicial polo Pleno do Concello de Mos de 30.09.2019 da Modificación Puntual nº 1 do PXOM de Mos.

.- Que de acordo co establecido no Art. 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, formulo en tempo e forma as seguintes, ALEGACIONES:

Primeira.- O vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Mos foi aprobado definitivamente por Orde da Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia de 18.01.2017 e publicado no BOP de Pontevedra de 06.06.2017.

Resultando o Plan Xeral de Ordenación Municipal o principal instrumento chamado a planificar urbanisticamente un termo municipal, mediante a determinación por unha banda dos terreos que resultan aptos para un crecemento urbanístico ordenado e, por outro, daqueles que deben ser preservados do desenvolvemento urbanístico pola concorrencia de valores merecedores de especial protección ou porque os mesmos non se consideren aptos para o seu crecemento urbanístico por diversas razóns de ubicación.

Sendo de supoñer, por tanto, que cando se aproba un Plan Xeral de Ordenación Municipal, o que normalmente é o resultado dunha ardua tramitación que se prolonga no tempo, dita planificación non só axústese á lexislación urbanística vixente, senón que tamén a mesma veña a plasmar o modelo de cidade ou de Concello polo que se decanta o planificador urbanístico municipal para rexir no termo municipal durante a súa vixencia.

É por iso que, de xeito evidente, resulta inaudito que pouco despois de publicarse o PXOM de Mos, o Concello de Mos iniciase os trámites para a aprobación da Modificación Puntual nº 1 que agora se somete a información pública.

O motivo polo que resulta inaudito e que NON nos atopamos ante unha modificación puntual calquera, senón ante unha modificación coa que se pretende a reclasificación de 1.078.296 m² de solo rústico especialmente protexido como solo urbanizable para dar satisfacción unicamente aos intereses dunha entidade privada, o “Real Club Celta de Vigo, S.A.D”, o que choca frontalmente co establecido no Art. 83.1 da Lei 2/2016 que esixe que a modificación responda a razóns de interés público.

Para constatar que o interese do “Real Clube Celta de Vigo S.A.D” se erixe no único motivo para a tramitación da presente modificación puntual basta con acudir a hemeroteca dos medios locais de comunicación.

É este interese privado que non existía á data de aprobarse o PXOM o que motiva que agora se pretenda amparar, coa tramitación dunha modificación puntual a carta, a transformación urbanística duns terreos cuxa natureza eminentemente forestal foi asumida e respaldada tanto polo PXOM como polas precedentes NNS de Planeamento do Concello de Mos - o anterior constata que o planificador nunca considerou aptos os terreos en cuestión para o seu desenvolvemento urbanístico por múltiples razóns.

Resulta inxustificable calificar como puntual unha modificación coa que se pretende alterar o destino de máis de

1.000.000 de metro de solo, coas repercusións que iso conlevar a veciñanza de Mos a todos os niveis - mobilidade, acceso a servizos...-.

Resulta desproporcionado reclasificar un 1.000.000 de m² de solo se o único que se pretende levar a cabo é a construción de instalacións deportivas, máis se cabe cando ese Concello de Mos vén outorgando licenzas para tales instalacións, a esa mesma entidade promotora da modificación puntual, sen nin tan sequera esixir a tramitación dun plan especial de dotacións e infraestruturas, por iso é polo que resulte patente que a finalidade realmente perseguida é a implantación dunha área comercial, na zona do ámbito da modificación puntual reservada a uso terciario.

Resulta inxustificable que menos de tres anos despois da súa aprobación definitiva o Concello de Mos decida alterar radicalmente o modelo de crecemento plasmado no PXOM para dar satisfacción a unha entidade privada.

Por todo iso resulta evidente que non concorren os requisitos para tramitar a modificación puntual sometida a información pública, pois nin se basea nun interese público nin a modificación puntual plantexada ten o carácter limitado para non esixir unha revisión do PXOM (Art. 83.3 Lei 2/2016)

Polo exposto.

SOLICITA que se teña por presentado este escrito, sírvase admitilo, unilo ao expediente da súa razón , e ter por formuladas as alegacións nel contidas, por ser o que procede conforme mellor dereito.

En _____ , a _____ de decembro de 2019